

EL ESPÍRITU DE LA COLMENA

Víctor Erice, 1973

1166

ESTREA EN NUMAX: 01.09.2023 | V.O. | 97 min

Nunha pequena vila de Castela, en plena posguerra a mediados dos anos corenta, Isabel e Ana, dúas irmás de oito e seis anos respectivamente, ven un domingo o filme O Doutor Frankenstein. Á pequena, a visión do filme cáusalle tal impresión que non para de facerlle preguntas á súa irmá maior, que lle asegura que o monstro está vivo e se oculta preto da vila.

«Un filme imprescindible»

Fernando Morales, EL PAÍS



Entrevista con Ana Torrent: «Foi todo como unha película. Unha cousa con moita maxia, con moito misterio»

Por Javier Zurro

“Pásanseme moitas cousas pola cabeza...”. Iso é o primeiro que di Ana Torrent cando se menciona *El espíritu de la colmena*. Era a súa primeira vez no cinema, tiña apenas sete anos e os seus ollos pararon todo. Aquela nena, que se chamaba como ela para facilitar a rodaxe, descubría o cinema, a vida e a morte. Descubría a historia do seu país e nós con ela. “Era moi pequena, eu non decidira ser actriz nun principio. Metínme accidentalmente. De feito, sempre estiven bastante convencida, e téño bastante claro, de que se non fora porque Víctor Erice foi a ese colexio, me viu e me escolleu, non me dedicaría á interpretación”, conta Ana Torrent por teléfono desde Nova York.

A ela nunca lle gustou “a exposición” e é unha parte do traballo que non ten nada que ver con ela. “A miña forma de ser, xa como nena, era completamente oposta. Non era a típica nena que sabe que quere ser actriz, que quere estar nas obras de teatro do colexio, que xoga a iso. Eu era tremendamente tímida. Moi, moi tímida. Moi reservada e creo que xamais se me pasaría pola cabeza. Tampouco na miña familia había ninguén que tivese absolutamente nada que ver con ese mundo. Entón, cando me falan d’*El espíritu de la colmena*... pois foi todo como unha película. Unha cousa con moita maxia, con moito misterio e moito encanto. Un mundo moi fascinante no que me meteron de súpeto. Os meus recordos son como entrar nun mundo máxico”.

A sensibilidade especial de Víctor Erice notouna desde a rodaxe. A súa mirada “particular do mundo e das situacións” palpábase en cada escena. “Pode chegar á rodaxe e decidir algo segundo a luz do momento. Está creando segundo o que está recibindo, polo que está notando e sentindo. É dunha gran sensibilidade e dunha gran precisión, porque logo ten moi claro todos os detalles, cada composición, cada escena. Os obxectos teñen todos unha importancia ou un significado, é moi detallista nese sentido. Todo iso dálle moita riqueza ao traballo con el”, engade.

A ese recordo case borroso, de mundo máxico, uníuselle un máis empírico. Ana Torrent é unha das protagonistas de *Cerrar los ojos*, o regreso de Erice á dirección. Cincuenta anos despois volven estar xuntos e cando pasou o primeiro día da rodaxe foi “como estar nunha nube”. “Foi unha sensación tan rara, tan bonita... Eu mirábao , e el falábame e dirixíame, e eu estaba como vivindo un soño. É como se de súpeto algo cobrase sentido. Non o sei. Como se se cerrase algo. Tivo moito impacto en min. Para min foi moi importante. Foi unha mostra de cariño, de amor, de moitas cousa”, di emocionada e engade algo que amosa o importante que é o director para ela: “Eu só quero que el estea feliz. E esa era a miña misión neste filme, que el faga o filme desexado”.

Naquela rodaxe forxouse unha amizade que se alongou durante décadas e ata a actualidade. Dúas personalidades que son alleas aos flashes e ao *glamour* da profesión. Unha parte que Ana Torrent respecta pero para a que cre que non serve. “É verdade que pola nosa forma de ser, eu desde logo, e tampouco quero falar en boca de Víctor, pero sospeito que tamén por como é el, non nos sentimos ao mellor tan cómodos nese ambiente. Nós fomos véndonos ao largos dos anos, tivemos unha amizade moi bonita. Comemos e charlamos de cinema e da vida porque esa era a parte que nos unía. Non o outro”.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Frankenstein,
James Whale.
Universal Pictures [BD]

Víctor Erice y la música.
La búsqueda de la
revelación,
José Ángel Lázaro Pérez
Shangrila, 2019